

Un bosque de malas herbas

.....

Antía Iglesias



Do 5 de setembro
ao 8 de novembro de 2024

.....

Casa Galega da Cultura

CONCELLO
DE VIGO





Obra *Oecosystema Disphoricum* 2024



Pigmentos en S.T 2024



Fragmento obra *Deconstrucción: Tradescantia fluminensis* 2024

ANTÍA IGLESIAS

Un bosque de malas herbas

.....

Son numerosas as ocasións nas que a arte e a ciencia aparecen distanciadas, case presentadas como contrarias. Os procesos artísticos, vistos como arbitrarios e subxectivos están xeralmente en contraposición aos científicos, suxeitos á parametraxe obxectiva e estruturas ríxidas. Sen embargo, é nesa aparente tensión onde é posible destacar numerosos puntos de contacto. Ambas disciplinas acoden de xeito recorrente á cuestión da natureza e os seus elementos, buscando comprendela, admirala, estudala ou analizala.

Nesta ocasión, a mostra *Un bosque de malas herbas* pretende xustamente destacar e demostrar visual, gráfica e tecnicamente os puntos de hibridación entre as realidades artísticas e científicas, concretamente en torno á natureza, aos nosos ecosistemas e ao ser vexetal exótico.

Un bosque de malas herbas nace como resultado da investigación doutoral de Antía Iglesias “Ecosistemas gráficos: Unha investigación científico-artística sobre o devir do residuo vexetal de especies exóticas [invasoras]”, realizada no programa CREA en Creatividade e Innovación Social e Sostible da Universidade de Vigo e codirixida por Ann Heyvaert e Ángeles Cancela.

As obras presentes na exposición buscan visualizar e potenciar a colaboración entre arte e ciencia (enxeñaría química, forestal e belas artes), abordando a cuestión do residuo vexetal dunha selección de especies exóticas, algunhas invasoras, e ofrecendo una mirada trans-

disciplinar a una problemática ecolóxica complexa. A investigación está centrada en catro especies alóctonas, rexistradas no bosque de ribeira do río Umia, en Ribadumia, Galicia: unha especie exótica, o *Eucalyptus globulus*, e tres especies herbáceas invasoras, *Arundo donax*, *Phytolacca americana* e *Tradescantia fluminensis*.

Xirando ao redor destas especies e da súa materia prima, o proxecto busca, dun xeito interdisciplinario, aproveitar tecnicamente o residuo orgánico para a súa integración na arte contemporánea; así como rescatar a súa potencialidade comunicativa e pedagóxica. Recálcase a dimensión artística dos procesos, ferramentas e resultados científicos, elevando a performatividade do traballo en laboratorio á consideración de obra procesual. A ciencia fúsióname cos procesos gráficos de campo expandido, mostrando dende formalizacións tradicionais de gravado e debuxo, ate procesos de parametrización dixitais e instalacións de bioarte multidisciplinares.

No seu conxunto, a mostra busca achegar o espectador aos resultados e o desenvolvemento da investigación, presentando unha relectura das disciplinas artística e científica, así como da natureza [posnatureza], da nosa relación con ela e dos retos aos que nos enfrontamos.

Un bosque de malas herbas



Antía Iglesias

Casa Galega da Cultura

Praza da Princesa, 2. Vigo.

Do 5 de setembro ao 8 de novembro.

Luns a venres: de 18:00 a 21:00 h.

Sábados: de 12:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h.

Domingos e festivos: de 12:00 a 14:00 h.



DESCARGA
FOLLETO GALEGO



DESCARGA
FOLLETO CASTELLANO

VG 494-2024

REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO
Casa Galega da Cultura

**CONCELLO
DE VIGO**

